

Mesía, 1984

Informante: Manuel Rodríguez Manteiga

Compilador: Baldomero Iglesias

Transcripción: Sergio de la Ossa, rev. B. Iglesias

1. [...] volvemos
cousa que as mozas moitas non queremos.
2. E o pillo decía: —Eu quero moer,
no muíño do río hoxe ten que ser!
3. —Ai, marquesiño, que risa me dás
porque se eu quero, ti non moerás!
4. Que eu, no meu muíño non manda ninguén,
tódo-lo queredes porque moe ben.
5. Que moe ben, dirán os tolos,
e polo visto non moe para todos!
6. —Pois se ti queres, p'a min moerá
e se non queres xa che pesará.
7. —Pois si me pesa, hei de pousar,
pero por ti eu non penso chamar.
8. —Os homes cativos non os podo ver
tódo-los que veñen, marchan sin moer.—
9. Pero o marqués, como é un caradura
foise arrimando e 'gharroulle a cintura.
10. —Ai, válgame Dios, que apuro levei
que máis adiante xa volo direi.
11. Certo vos digo que negra me vin
p'a defenderme daquel ghalopín.
12. Como eu tiña xenio logho me enfadei
co liviadoiro no lombo lle dei.
13. Boteino fóra e cerreille a porta
porque pensei que lle daba unha volta.
14. Ai, pobre marqués, que mal lle saleu,
levou na chepa e amáis, non moeu!

